



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Literatura e Xénero (Ámbito Galego-Portugués)		Código	613584118
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carne.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carne.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Web	http://www.udc.es/filo/MLCD.html			
Descrición xeral	Estudo da aplicabilidade do paradigma dos estudos de xénero á análise da sociedade e das súas manifestacións culturais e artísticas, en particular ao caso dos sistemas literarios galego e de lingua portuguesa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre obras relevantes da literatura galega desde unha perspectiva de xénero.	AM1	BP2	CM2
	AM2	BP3	CM3
	AM4	BP4	CM4
	AM6		CM5
	AM8		
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AM2	BM3	CM1
	AM4	BP1	CM2
	AM5	BP2	CM5
	AI2	BP3	CM6
Realizar análises de textos literarios a partir dos marcos teóricos definidos na materia.		BP7	
	AM1	BP2	CM4
	AM4	BP3	CM5
	AM5	BP7	CI1
	AM6		
	AM8		
Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas no análise dos textos literarios, desde un enfoque orixinal e creativo	AI1		
	AI2		
	AI3		
	AM1	BP2	CM1
	AM2	BP3	CM2
	AM4	BP5	CM5
	AM5	BP7	CM6
	AM8		CI1

Contidos



Temas	Subtemas
1. A institución literaria e as mulleres escritoras, unha relación problemática	1.1. Construción autoral, visibilidade e recoñecemento institucional 1.2. Literatura e estudos de xénero. O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas
2. Autoría feminina e construción da identidade de xénero	2.1. Conquista do espazo público e ruptura da norma na obra de Rosalía de Castro 2.2. Escrita do eu e representación da subalternidade feminina na obra de Xohana Torres 2.3. Reescrita e contradiscurso feminista: unha achega á obra de M ^a Xosé Queizán

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A8 B5 B7 B10 B3 C2 C3 C5	2	20	22
Sesión maxistral	A1 A4 A6 A8 B5 B6 B8 B10 C6	6	6	12
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B4 B6 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	0	16	16
Obradoiro	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B6 B8 B10 B3 C1 C4 C7 C6	6	8	14
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A5 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C4 C7 C5	3	6	9
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado na aula e no encontro científico.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.
Traballos tutelados	Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistrais coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso será recibido un/unha investigador/a externo cuxa visita será preparada colectiva e individualmente para realizarmos un encontro científico fructífero.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro	A profesora encargárase de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.
Eventos científicos e/ou divulgativos	
Lecturas	
Sesión maxistral	
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B6 B8 B10 B3 C1 C4 C7 C6	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A5 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C4 C7 C5	O alumnado deberá participar activamente con preguntas e/ou reflexións no encontro co/a investigador/a invitado/a.	10
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A8 B5 B7 B10 B3 C2 C3 C5	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do propio alumnado na aula e no encontro científico.	10
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B4 B6 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal (ou, alternativamente, na exposición oral dese traballo) que versará sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60

Observacións avaliación
O alumnado con dispensa académica, matrícula semipresencial ou calquera outra circunstancia excepcional deberá poñerse en contacto coa profesora (ben durante o horario de tutoría, ben a través do correo electrónico: carne@udc.gal) para fixar as condicións da súa avaliación. SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO) Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, ou que no se presentase á avaliación ordinaria, contará cunha avaliación extraordinaria no mes de xullo. Para superar a materia terá que realizar unha prueba mixta para avaliar as lecturas (20%) e presentar un novo traballo/ensaio (80%). OUTRAS PRECISIÓNS Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exigencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle). Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



Bibliografía básica	Blanco, C. (1995): Literatura galega da muller (Vigo: Xerais). Forcadela, M. / Noia, C. (coords.) (2011): Cara a unha poética feminista : homenaxe a María Xosé Queizán (Vigo: Xerais). García Negro, M^a P. (ed.) (2010): ?Estudo introdutorio?, en R. de Castro: El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas (Santiago: Sotelo Blanco). García Negro, M^a P. (2010): O clamor da rebeldía: Rosalía de Castro, ensaio e feminismo (Santiago: Sotelo Blanco). García Negro, M^a P. / Rodríguez Sánchez, F. (1996): ?Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX?, en VV. AA.: Historia da Literatura Galega: 351-384 (Vigo: AS-PG/ A Nosa Terra). González Fernández, H. (2005): Elas e o paraugas totalizador (Vigo: Xerais). González Fernández, H. / Rábade, M^a Do C. (eds) (2012): Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro (Barcelona: Icaria). March, K. N. (1994): De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro (Sada: O Castro). Rodríguez Rodríguez, M. (2013): Feminismo e innovación en la narrativa gallega de autoría femenina: Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Blanco y Teresa Moure (Lewiston : Edwin Mellen Press). Rodríguez Sánchez, F. (2011): Rosalía de Castro, unha estranxeira na súa patria (Santiago: AS-PG). Suárez Briones, B. / Martín Lucas, M^a B. / Fariña Busto, M^a J. (eds) 82000: Escribir en femenino. Poéticas y políticas (Barcelona: Icaria). Torras, M. (eds.) (2009): El poder del cuerpo: antología de poesías femenina contemporánea (Madrid: Castalia). VV. AA. (1987): Festa da palabra silenciada, 4 (monográfico Xohana Torres) Obras de lectura obrigada: Rosalía de Castro: "Las literatas", "Conto gallego", El caballero de las botas azules. Xohana Torres: Adiós, María, Estacións ao mar. M^a Xosé Queizán: Antígona, Metáfora da metáfora. A profesora entregará, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos estipulados.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías